



O meniño do lago

by sarahllys

L' enfant du lac

wondershare™

sarahllys

Text and graphics created by author Copyright © 2012 sarahlllys. All rights reserved.



This book is dedicated to:

mes anciens professeurs




**Había unha vez un
meninho que vivía
enriba das nubes**

**O meniño era fermoso,
cantaba e brincaba
todo o tempo e parecía
moi feliz no seu lar...**



A súa vida era sinxela e a meirande parte dos días pasaba o tempo cantando e xogando cos seus irmáns e tiñan unha voz tan fermosa que cando Jean a oíu máis tarde por primeira vez, cando o Meniño do lago empezou a cantar porque se lembraba dos seus, Jean pensou que era un sono do que non quixera endexamais espertar.

A photograph of a sunset over the ocean. The sun is low on the horizon, creating a bright, shimmering reflection on the water's surface. The sky is filled with soft, golden light and some light clouds. In the foreground, the silhouettes of palm trees are visible against the darkening sky.

***Velaí cun día sentiuse
ferido pola fermosura
dunha estrela que
brillaba coma o sol***

**E quixo deixar aos seus
para voar lonxe, muy
lonxe dos seus lares...
Ningún dos seus puido
facer nada para evitar
a súa marcha,
nembargantes, lonxe
de atinxir a estrela,
caíu nun lago cáseque
enfeitizado, as ás
martirizadas dos
intentos da fuxida
para atinxir a estrela.**

**Unha vez no lago viu ó
seu arredor unhas árbores
dunha grande beleza que
lle pareceron xigantes ou
monstros sorprendentes,**

**e todo estaba moi escuro
para alguén que ó albor
vía tódolos días refulxir o
ceo coma nunha algarada
cegadora de cores...**

Aqueles monstros

6





**eran pacíficos e tiñan
varios brazos, xa que él
nunca vira unha árbore..**

**O menino tendeu-se
enriba do lago para
durmir un pouco xa
que estaba moi canso
e non atopaba au seu
redor nada que se
parecera a súa casa
naquel novo país...**

**Jean, un raparigo
que residía naqueles
lares e que naquel
día descendera ao
lago coma noutros
días co seu pai que
íá pescar pensou**



**que estaba moi enfermo
e tivo mágoa do neno
do lago e ofreceulle o
seu fogar.**



Pronto se fixeron moi amigos...mais o neno do lago non quería levar nada á boca a pesares dos seus esforzos para que comera.

**Jean engulía moreas
de churros para abri-lle
o apetito co exemplo...
Tiña medo pola súa
saúde, tan branco que
se vía, pero o seu novo
amigo non entendía
que era o que Jean facía
e só vía desaparecer
os alimentos nun plis
plas cada vez que os
achegaba aos beizos.**

**O novo amigo de Jean
sospeitaba dun truco
de maxia, xa que él
nunca comera nada
no seu mundo, tan
diferente daquel no que
agora se atopaba.**

Un día de choiva e



**de moito vento abriuse
unha fiestra da vivenda
con gran estrépito, e o
 meniño lembrouse dos
 seus e empezou a cantar
 coma cando estaba no
 seu fogar e botou a voar
 e fuxiu daqueles lares,
 as ás recobradas, e que
 sempre mantiña
 recollidas contra as
 súas costas e cáseque
 invisibles ó ollo humano,**

**para a enorme sorpresa
de Jean que non
comprendía ben a
situación nin as
verdadeiras orixes
do seu novo amigo.
Jean ficou moi triste**



**e a súa nai e as súas
irmás o tiveron que
consolar: " é millor así !
Él non era destes lares**



**...e sera máis ditoso
cos seus! O noso fogar
non era axeitado para
él..." confesoulle a nai**

**namentras lle limpaba as
bágoas, e pouco a pouco
o pequeno foi acougando,
e mesmo se atopaba ledado
coa idea de que o seu
amigo fora máis
feliz cos seus...**

**Pero endexamais
esquenzenzeu aquela
aventura e contoulle
a historia a tódolos
rapaces da bisbarra...**



**E foi dese modo como
esta historia chegou
ata nós...**

About the Author

Sarahllys aime les contes poétiques et elle espère bien que vous aimerez ce nouveau conte.



WORLD